

A POESÍA ANTERIOR Á GUERRA CIVIL (1900-1936)



1. INTRODUCCIÓN.
2. OS POETAS DAS IRMANDADES DA FALA.
 - 2.1. Ramón Cabanillas.
 - 2.1.1. Obra poética.
 - 2.1.2. Características e influencias presentes na súa obra.
 - 2.1.3. Etapas da súa obra.
 - 2.2. Antonio Noriega Varela.
 - 2.2.1. Obra poética e clasificación.
 - 2.2.2. Os grandes bloques temáticos.
 - 2.3. Outros poetas do tempo das Irmandades da Fala.
3. OS POETAS DA XERACIÓN NÓS.
4. A XERACIÓN DO 25. AS VANGARDAS.
 - 4.1. Os principios fundamentais das vangardas galegas.
 - 4.2. A vangarda plena. O creacionismo de Manuel Antonio.
 - 4.3. A vangarda moderada. O hiloísmo e o neotrobadorismo.
 - 4.4. A influencia dos ismos europeos nos nosos autores.
5. A VANGARDA E OUTRAS ARTES
 - 5.1. As vangardas e outras literaturas peninsulares.
 - 5.2. As vangardas e o cine.
6. MODELO DE COMENTARIO
7. ANTOLOXÍA DE TEXTOS

1. INTRODUCCIÓN.

Nesta unidade que comeza imos analizar varias etapas da poesía anterior á Guerra Civil, por un lado daremos conta da poesía de entre séculos e por outro da de vangarda.

Da literatura decimonónica perviviu maioritariamente a vía tradicional ou realista, é dicir, a poesía costumista ou **ruralista-paixasista (Noriega Varela)** e unicamente podemos falar de **Ramón Cabanillas** como o escritor que posibilitou unha ampliación do **idealismo** con achegas europeas importantes, polo que foi este poeta o primeiro que modernizou a poesía galega de comezos do século XX.

O idealismo na poesía galega vai ser doutrinario e didáctico (o noso pasado histórico achegaranos a un futuro esperanzador para Galicia), afastándonos, polo tanto, do idealismo que comezaba a imperar nunha Europa de principios de século, de índole evasionista ante unha sociedade en crise de valores e na cal o escritor se refuxia na estética da arte ou na arte pola arte (prerrafaelismo inglés, modernismo latinoamericano de Rubén Darío¹, simbolismo e parnasianismo franceses e renascença portuguesa, sobre todo o saudosismo de Teixeira de Pascoães).

A nómina de escritores énchese con outros autores á parte dos dous mencionados anteriormente, como son **Francisca Herrera Garrido, Gonzalo López Abente, Victoriano Taibo García, Avelino Gómez Ledo, Xosé Crecente Vega, Xerardo Álvarez Limeses e Francisco Álvarez de Nóvoa.**

Todos eles teñen en común o feito de viviren os mesmo acontecementos históricos e sociais que padeceu a Galicia do século XX (agrarismo, emigración, as asociacións en defensa da lingua, o concepto político do nacionalismo, o comezo da Guerra Civil...), aínda que non todos se viron afectados de igual maneira por estes eventos. Se ben **Ramón Cabanillas** se comprometeu, ideoloxicamente e a través da súa pluma, co agrarismo, co nacionalismo e coas Irmandades da Fala, e padeceu as consecuencias da represión franquista, **Noriega Varela** desvinculouse de calquera movemento reivindicativo e o único compromiso con Galicia foi utilizar como lingua poética exclusivamente o galego, que mantivo mesmo durante o franquismo, xa que nunca foi un escritor sospeitoso para o réxime.

Respecto a poesía da Xeración Nós é escasa tanto en cantidade como en calidade, apenas mencionaremos a poesía cultivada por **V. Risco e Otero Pedrayo.**

Se a narrativa e o teatro foron renovados polos homes Nós antes da Guerra Civil, pola mesma época un grupo de escritores moi novos encargábase de superar a lírica do XIX e de principios do XX, dándolle un aire moderno e novo a poesía galega. Esta modernización consistiu na incorporación das vangardas europeas á nosa poesía, cunha vontade de ruptura con toda a lírica anterior. É a **poesía vangardista** galega, principalmente, como veremos, creacionista, hilozoísta e neotrobadorista, con algunha influencia do surrealismo, do futurismo e do cubismo.

¹ Félix Rubén García Sarmiento, poeta nicaragüense, Nueva Segovia 1867 – León, Nicaragua 1916, máximo representante do modernismo.

2. OS POETAS DAS IRMANDADES DA FALA

2.1. Ramón Cabanillas.

Nace en Cambados en 1876.

Estuda no seminario de Santiago de Compostela e pasa uns anos traballando na burocracia local.

Casa e decide embarcarse cara a Cuba, onde traballa como contable e máis tarde como administrador do Teatro Nacional. Alí entrou en contacto coa intelectualidade galeguista. Regresa a Cambados, onde volve á administración local.

Colabora activamente coas Irmandades da Fala e con *A Nosa Terra*. Vai ser membro da Real Academia Galega e da Real Academia Española, polo que pasa a residir en Madrid.

Morre en Cambados no ano 1959

Comezou a escribir tardiamente. A súa obra abrangue 45 anos, desde 1913 ata 1958², de aí a grande extensión literaria da súa obra e a pluralidade temática que nela cultivou.

Cabanillas relacionouse tanto coas Irmandades como cos homes da Xeración Nós. Coa súa obra abriu novos camiños para a poesía galega, e por iso mereceu o apelativo de **Poeta de raza**.

A súa obra é fundamentalmente poética, pero tamén cultivou teatro (*O Mariscal*, *A man da santiña*) e prosa en menor medida.

Destacariamos del que, se ben prologa os contidos dos autores do século XIX, xa que, a súa poesía ten algo de Rosalía e Curros, vai moito máis alá recreando o formalismo e a ideoloxía celta de Eduardo Pondal e a estética modernista de Rubén Darío, que na literatura galega unicamente pervive baixo pequenas influencias nun modernismo sobrio e natural sen excelsas brillanteces propias do poeta latinoamericano.

2.1.1. Obra poética.

O poeta cambadés é autor dunha ampla obra poética, que adoita agruparse en dúas modalidades: a poesía lírica e a narrativa.

OBRAS	Ano	Comentario	
<i>No desterro</i>	1913	Expresión do seu eu lírico en múltiples direccións: intimismo, costumismo	Poesía lírica
<i>Vento mareiro</i>	1915		
<i>Da terra asoballada</i>	1917		
<i>A rosa de cen follas</i>	1927		
<i>Da miña zanfona</i>	1954		
<i>O bendito San Amaro</i>	1925	Relatos, ben épicos, ben didácticos, cunha carga de forte lirismo.	Poesía narrativa
<i>Na noite estrelecida</i>	1926		
<i>Camiños no tempo</i>	1949		
<i>Samos</i>	1958		

² É por iso que é difícil a súa clasificación nunha xeración literaria. Algúns críticos inclúeno dentro das Irmandades da Fala ou do Grupo Nós, e outros como Méndez Ferrín sitúano na xeración «antre dous séculos».


2.1.2. Características e influencias presentes na súa obra.

Para achegármonos mellor á lírica de Cabanillas convén ter presentes as diferentes **influencias** que en maior ou menor grao deixaron pegada nos seus poemas, como veremos máis adiante polo miúdo.


- A poesía das figuras do Rexurdimento (Rosalía, Pondal e Curros).
- A corrente modernista de ámbito iberoamericano (Rubén Darío...)
- Os poetas románticos europeos (Heine, Bécquer, Baudelaire...).

Cabanillas soubo coma ninguén combinar tradición e modernidade na súa obra. De aí que nela están presentes: **o lirismo sentimental, o costumismo, o modernismo, o saudosismo, o celtismo e o civismo**. Unhas veces desde a dicción máis contida, outras desde a buscada altisonancia e outras, aínda, acudindo á retórica agraria. Constitúe, pois, textos decisivos para a lírica galega do século XX.

Vexamos, agora, estas **características** máis polo miúdo dentro da súa obra.

 **LIRISMO:** manifestado en diferentes direccións: **social combativo** ou reivindicativo como a loita anticaciquil, ou **intimista** que lembra os románticos e **costumista**. Podémolo observar sobre todo *No desterro*, *Vento mareiro* e *Da terra asoballada*.... O antecedente máis claro da poesía combativa é a de Curros. As primeiras composicións cívicas do cambadés concordaban ideoloxicamente co agrarismo da época: loita anticaciquil e contra os foros, a denuncia do sufrimento do labrego...

*¡Axiña esperta Galicia
que xa se escupe ós caciques
e fai ruxir-la inxusticia!*
No desterro

 **COSTUMISMO:** xa non se trata da vertente costumista frecuente no XIX que se limitaba a reproducir tipos e costumes. Para Cabanillas, a temática costumista supón unha indagación e reivindicación das raíces da nosa cultura. Ademais, engádelle certas novidades formais (conexión co modernismo) e mesmo trazos de tenrura e humor.


*Os mozos mariñeiros da fiada
lémbrense rindo alleos de coidados;
cheira a aceite e pemento requemados
rustrido de xurés en caldeirada.*

*Conta o patrón nun corro a treboada
do ano setenta –historia de afogados-;
e empuxándose, inando, entran mollados
os homes dunha «lancha de enviada».*

*Pasa de man en man a xerra roiba
De albariño, e namentras cae a choiva
O vento fai treme-la casa enteira,*

*Detrás do mostrador clarexa o ceo
Nas trenzas de ouro, no mirar sereo,
Na sorriso de luz da taberneira.*


No desterro (1913)


 **INTIMISMO:** é a liña herdada dos poetas románticos como Heine ou Bécquer, e máis directamente de Rosalía de Castro. Nos versos de Cabanillas tamén adoita aflorar a sensibilidade amorosa, a conmoción ante a natureza ou o sentimento dorido da vida.

*Camiño, camiño longo
camiño da miña vida,
escuro e triste de noite,
e triste e escuro de día...
¡camiño longo
Da miña vida!*

*Vereda, vereda torta
en duras laxes aberta,
arrodeada de toxos,
Crebada polas lameiras...
¡vereda torta
ti a onde me levas!
[...]*

Vento mareiro

 **SAUDOSISMO:** Escola poética portuguesa na liña simbolista fundada por Teixeira de Pascoaes³. Ao igual co modernismo, enmárcase dentro do movemento idealista. Cabanillas movido polo sentimento da saudade, reconstrúe o pasado na procura da «esencia galega» destacando a temática relixiosa. Atopamos este *Na noite estrelecida* e cun carácter máis emotivo *Na rosa de cen follas*.

 **MODERNISMO:** nalgunhas composicións, Cabanillas non dubida en buscar a evasión. Son pezas nas que recrea ambientes exóticos ou medievais, ben poemas nos que prima a forza sensorial (cores, sons...) e da musicalidade. Isto vai conectar en certa medida co carácter exótico dos comezos da ideoloxía de Vicente Risco.


A Princesa Roiba

*Reza un merlo no soto
frorido dos cereixos
relixioso ofertorio
duns místicos amores.
Pasa un vento de bicos
que vai buscando os beixos,
como enxame de abellas
que vai buscando frores.*

*Fío a fío debulla
súa madeixa a fonte
barbullando chorosa
o verso lexendario
do paxe do Castelo
aforcado na Ponte
e da reina encantada
no Pazo solitario
[...]*

No desterro

³ **Teixeira de Pascoaes**, pseudónimo literario de **Joaquim Pereira Teixeira de Vasconcelos**, (Amarante, 1877–1952), escritor portugués que cultivou principalmente a poesía. É un dos máis notables representantes do saudosismo.

 **CELTISMO:** herdado do bardismo pondaliano. Cabanillas recolle a función bárdica daquel pero son máis as diverxencias que as coincidencias. A súa visión máis histórica é máis ampla. O seu sistema ideolóxico é máis rico e nel o cultismo é pura anécdota. A relixiosidade dista moito do precristianismo de Pondal, e non hai restos do aristocracismo nin de carácter visionario. Aparece *Na noite estrelecida*, *Camiños no tempo*.

2.1.3. Etapas da súa obra.

A súa ampla obra adoita clasificarse⁴ nestas catro etapas:

1. **Etapla pregaleguista (1910 – 1915)**, marcada no ideolóxico polo agrarismo e no estético polo modernismo ou formalismo de Pondal. Nesta etapa inclúense estas obras publicadas na emigración:



No desterro. Visións gallegas (1913), con prólogo de Basilio Álvarez, e *Vento mareiro* (1915).

Comeza, nos poemas destas obras os primeiros influxos da estética modernista. Velaquí un dos exemplos en que se aprecia esta novidade estilística na poesía galega do momento, no cal vemos a ambientación exótica protagonizada por princesas:

*Mentras no rexio alcázar
xunta ó baleiro trono
por ela espera a corte,
á sombra dun carballo
texe a Princesa roiba
un encaixe de Ensono.*

Fragmento de «A princesa roiba», **No desterro**

Outras características – xa analizadas anteriormente- desta etapa son: a temática intimista, e comezan xa os poemas cívicos (influenciados pola loita agraria que alentou Basilio Álvarez como líder da Liga de Acción Gallega) máis propios da seguinte etapa.

*¡Irmáns! ¡Irmáns gallegos!
Dende ortegal ó Miño
A folla do fouciño
Fagamos rebrilar!*

Fragmento do himno de «Acción Gallega», *Vento mareiro*.

2. **Etapla galeguista (1915 – 1920)**. Predomina nesta época a temática cívica. Influenciado polo nacionalismo das Irmandades da fala fai poesía combativa e de denuncia ao estilo de Curros Enríquez. Agora cunha actitude menos exaltada contrapón Galicia a España, nunha poesía directa e prosaica.

Dentro desta etapa escribe as seguintes obras:

Da terra asoballada (1917) e *A man de Santiña* (1921).
Teatro. Comedia de costumes señoriais e asunto amoroso.



⁴ Clasificación feita por Xosé Manuel Millán Otero no monográfico «A Nosa Terra», de 1988

3. **Etapla mítico-saudosista (1921 – 1931).** Recrea lendas celtas míticas pertencentes á Materia de Bretaña que nos falan dun pasado glorioso (a nobre época dos cabaleiros da táboa redonda do rei Artur) e aventuran un futuro esperanzador para Galicia (o rei Artur agarda nunha illa galega novos e mellores tempos; cando estes cheguen erguerase e gobernará gloriosamente sobre a terra). Esta nobre época celta foi o marco simbólico en que se baseou o nacionalismo (as orixes de Galicia son celtas) de aí que enxalzase este pasado histórico con **finalidade didáctica** (dignifica Galicia explicándonos o seu pasado glorioso para alento de todos os galegos, para espertar neles a conciencia galeguista).

Nesta época é decisiva a influencia do modernismo rubendariano e do saudosismo portugués, principalmente na nostalxia que asome cando regresa ao pasado intentando recuperar as nosas raíces nacionais.

Desta época son as obras:


*Na noite estrelecida*⁵ (1926)
O mariscal (1926). Teatro.



Nos anos 20 publica dúas obras de temática diferente: *O bendito San Amaro* (1925), romance de ton popular en octosílabos, e *A rosa de cen follas* (1927), esta de liña intimista amorosa cunha notable influencia do saudosismo. O título lémbra-nos a *Follas novas* de Rosalía de Castro.

4. **Etapla de posguerra mística e contemplativa (1939 – 1959).** Coincidente coa época de posguerra, o autor abandona a poesía de denuncia social e a reivindicación nacionalista. A súa poesía pasa a ser de introspección e de contemplación da beleza nos derradeiros anos da súa vida.

Pertencen a esta etapa as seguintes obras:



Da miña zanfona (1954). Trata, con voz amarga, a tristeza, a mocidade perdida, a vida e a morte. *Samos* (1958). Misticismo relixioso contemplativo na descrición da quietude da vida comunitaria no mosteiro de Samos. É un poemario de paz e comunión coa natureza para encontrar o equilibrio interno.

Antifona da cantiga (1950). Recompilación de cántigas populares, o primeiro libro que publica a editorial Galaxia. Segue a tradición folclórica galega.

“Non te cases cun ferreiro
que ten moito que lavar
casate cun mariñeiro
que ven lavado do mar”

“Os solteiros valen ouro
os casados valen prata
os viúdos caldeirilla
e os vellos folladelata”

Versos de alleas terras e tempos idos. Paráfrasis gallegas (1955), non que é tradutor e adaptador de poemas gregos, latinos, ingleses e alemáns.

De 1949 é a recompilación de poesía narrativa e lendaria *Camiños no tempo*.

⁵ Esta obra debido a súa complexidade e amplitude, está explicada nunha faq.

2.2. Antonio Noriega Varela (Mondoñedo, 1869 – Viveiro, 1947).



A diferenza de Ramón Cabanillas, Noriega non innova o panorama poético máis ben segue os parámetros da poesía decimonónica máis tradicional (costumista-popular).

Foi un escritor amante das tradicións, desconfiado de todo o que fose innovación poética, defensor da Igrexa como institución e defensor do legado dos nosos devanceiros, legado que se debería perpetuar tal cal se nos transmitiu, sen modificalo. De aí que non quixese ningún tipo de estandarización da lingua galega escrita, xa que opinaba que esta sempre fora lingua labrega e así debería seguir sendo. Foi este o punto que o levou a posicionarse contrario á ideoloxía das Irmandades da Fala, contrario ao nacente nacionalismo galego representado polo Grupo Nós, contrario a toda a ideoloxía galeguista e contrario ás institucións galegas, entre elas a Academia Galega.

*O que a Galicia mal queira
pode vivir sosegado:
fun o vinteito á feira
e non vin unha monteira
nin un dengue colorado.*

Crítica o cambio de costumes e a perda da tradición simbolizada no **dengue**⁶ e na **monteira**⁷.

Da súa vida salientaremos a súa rigorosa formación clásica no Seminario que repercute nos seguintes aspectos na súa obra.

- Coñecemento dos **poetas latinos** (Horacio, Virxilio e Ovidio).
- Coñecemento da **literatura portuguesa**. O seu contacto próximo con Portugal e cos escritores portugueses, principalmente parnasianistas e simbolistas (Teixeira de Pascoaes, Guerra Junqueiro, Antero de Quental...), o que o leva a depurar a súa poesía e a afastarse da liña costumista e descritiva. Os portugueses profesaron cara a el unha admiración mutua, unha vez que coñeceron a súa obra poética.
- Militancia no **catolicismo tradicionalista**. A maior parte dos seus poemas están impregnados dunha gran relixiosidade, de aí as múltiples referencias relixiosas que conteñen (mencións a Deus e a Virxe, que identifica como nai e invocacións divinas «O Salvador», «Nosa Señora»...)
- Coñecemento do que será outro bo escritor Leiras Pulpeiro, médico da vila de Mondoñedo, cantor da paisaxe mariña e poeta anticlerical.

⁶ **Dengue**: peza que vestían as mulleres semellante a unha capa curta coas puntas cruzadas polo van e atadas no lombo.

⁷ **Monteira**: especie de sombreiro de pano ou la que hoxe locen os gaiteiros.

2.2.1. Obra poética e clasificación.

Sen termos en conta os traballos *A Virxe i-a paisanaxe* (escolma de cántigas populares en honor á Virxe que Noriega fora recollendo), publicado en 1913 cun prólogo de Basilio Álvarez, e *Cómo falan os brañegos* (colección de ditos, refráns e cantares populares), publicado na editorial Nós en 1928, Noriega é autor dun único libro, que coñece sucesivas transformacións e que apareceu co título de *Montañesas* (1904 e 1910) e logo co de *Do ermo* (1920, 1929 e 1946). O poeta modificou ou suprimiu antigas composicións e foi engadindo outras novas ata a edición definitiva de 1946, un ano antes da súa morte.

Antes de seren recollidos en libro, moitos dos seus poemas difundíronse na prensa local, o que lle proporcionou unha fama estendida por toda Galicia, e mesmo pola América da emigración.

Podemos **clasificar a súa obra en varias facetas**⁸:

- A) O poeta realista de *Montañesas*:** 1ª edición de 1904, con 16 composicións, 2ª edición de 1910 ampliada en 53 poemas, que inclúen dous poemas extensos: «De ruada» (1895), gañador do primeiro premio nun certame poético de Mondoñedo, e «Leite fresco» (1898), cadro de costumes versificado en romances ao longo de doce páxinas.

Nestas composicións segue a liña **costumista-ruralista** centrada arredor da montaña «*a miña terra é a montaña*», a cal pasa a ser verdadeira protagonista na segunda edición de *Montañesas*, incidindo, máis que na primeira no lirismo da natureza e cunha poesía máis depurada e intimista. Esta 2ª edición marca a transición cara ao seu segundo libro.

Á montaña

*Loas que che brindo son
os meus versos, irta serra,
porque adoro a tradición,
í en par do teu corazón
gárdalas da nosa terra.*

*Non me namora o mar fero
que a moitos tanto lles gusta;
a ti, montaña, che eu quero,
e non morro, porque espero
gozar da túa paz augusta.*

- B) O lírico intimista e franciscano**⁹ *Do ermo*: nel, se ben os primeiros poemas pertencen á xuventude, aparecen poemas sobre a morte, especialmente nas últimas páxinas.

*Na montüosa terra, nunca explorada,
bendita sepultura merecer quero,
e que o fausto da virxe natureza
sea a fúnebre pompa do meu enterro.*

⁸ Clasificación proposta por Freixeiro Mato, crítico literario que resalta as tres primeiras facetas.

⁹ Estudou no Seminario pero non chega a ordenarse sacerdote e comezará a traballar como mestre en Foz.

Nestas composicións abandona o ton descritivo, céntrase no intimismo máis puro arredor da soidade do ermo da montaña, e nesta paisaxe créase nas cousas máis pequenas e humildes (a flor dun toxo, as xestas, un pequeno verme, un fío dunha tea de araña...) e aquí radica o seu franciscanismo: converter en importante o que en principio parece insignificante «*a mi me repugna toda vana amplificación*», desprezando o grandioso, por exemplo cando di: «*Xurara que me intresa/máis un verme de luz que un diamante*» ou cando afirma «*polo millor tesouro/non trouco as froliñas de ouro/con que te vistes, montaña*», e predicando a humildade e a solidariedade cos seres máis humildes:

*¿Es un vermeño? Deixa que che eu cante
e tu que es un leproso, pasa adiante,
e bebe, ¡irmao dos astros e das rosas!*

É nesta faceta onde predomina a composición breve ou epigrama, e tamén o soneto, froito da influencia de escritores portugueses (a saudade de Teixeira de Pascoães, a simplicidade da aldea de Guerra Junqueiro, os sonetos de Antero de Quental, ou o poeta simbolista Eugénio de Castro).

Destacable é tamén a **influencia** dos clásicos latinos como Virxilio e Horacio, dos que herda o amor polas cousas sinxelas da aldea, a arela da vida anónima, sen complicacións, o bucolismo (canto ás belezas da vida campestre, coma se se tratase dun locus amoenus), e a serenidade e a melancolía dos momentos felices.

Estilisticamente a poesía faise máis lírica e refinada apoiada polo emprego de versos cultos, como o hendecasílabo encabalgado, e de léxico e ortografía cultos: *nimpha, pythonisa, phantasia...*

- C)** O poeta **satírico burlesco** de poemas non recompilados da mocidade e da última época, en contra da República, das ideas progresistas, dos galeguistas e nacionalista. Foron composicións feitas durante a II República, nun momento en que ve en perigo os ideais católicos tradicionalistas. Segundo Freixeiro Mato, os poemas feitos na mocidade quizais responden ao seu carácter alegre e optimista, feitos máis como diversión que como consciente elaboración artística.

*a república (a feroz
besta brava, ou hidra atroz
que as lebres moito intimida).
tempos fai que establecida
está nas praias de Foz...*

A ironía é bastante frecuente nestas composicións:

*Os brañegos que se van
prá rica Jauja, fan ben:
Alí como sobra pan,
¡mudo e cocido llo dan
Ó que de seu non ten!*

- D) O **poeta civil ocasional**: adoitan incluírse nesta vía civil poemas anticaciquís como: «¡Máis coraxe!», «En boa hora», «Do tempo dos caciques», «Requisitos», «Acción gallega», «Prós mozos», froito da influencia que Basilio Álvarez exerceu no poeta. Foi unha faceta poética breve, inusual e que non mantivo. De feito aparecen na edición de 1920 de *Do ermo*, pero eliminounos das sucesivas edicións que se fixeron do libro.

*Acción gallega é unha moza
[...]
¡é a patria resucitada!
[...]
é tratar con vilipendio
ós despotas, é un incendio
¡de moita ialma!, que cunde;
é descomunal batalla
que lle presenta á canalla.*

- E) O **recompilador de literatura popular**: esta faceta inclúese dentro da súa ideoloxía defensora de todo o tradicional. Consciente da perda das tradicións, dos costumes, das palabras, dos refráns, das cantigas ou dos contos propónse recompilar mostras de literatura así como frases feitas que forman parte da nosa singularidade.

Nesta liña temos:

- En 1928 a editorial Nós publica *Como falan os brañegos*¹⁰. Serie I. *Locucións, frases, modos adverbíais, unha lería pr'os rapaciños, refráns, cantares i-adiviñanzas*. De 1930 é a segunda serie.

«Salvé de eterno olvido algunos cientos de palabras [...] lo más urgente es recoger y después vengan pulimentos».

- *A virxen i-a paisanaxe* (1913) consta de 101 cantigas populares que xiran en torno á figura da Virxe:

*Nosa Señora «da Barca»
aló vai pola Ribeira,
collendo conchiñas de ouro,
meténdoas na faldriqueira.*

*Nosa Señora «do monte»
ten uns zapatiños brancos,
que llos deu un romeiriño
pra poñer os días santos.*

¹⁰ A palabra **brañego** é un termo que o poeta reitera en numerosas ocasións co significado de “habitante da montaña”.

2.2.2. Os grandes bloques temáticos.

Á parte dos dous grandes bloques temáticos suxeridos anteriormente, a saudade do ermo da montaña que o leva a recrearse nos elementos máis insignificantes da natureza e a relixiosidade dos brañegos, podemos engadir algúns temas que se achegan aos tópicos clásicos latinos:

- O *locus amoenus* do ermo da montaña,

*Embreñarme procuro, e feliz fora,
si xa de meu tivera unha casiña
na fragosa montaña, que alí mora,
divorciada do mundo, a ialma miña,
o sosego das chairas me namora.*

- O *beatus ille* de Horacio na gabanza á vida retirada, cunha certa actitude de misantropía.
- O *tempus fugit* ou o paso do tempo, principalmente nos sonetos (a saudade ou señardade polos tempos idos, ou a nostalxia pola xuventude perdida).

*¡Oh, divina saudade! [...]
Lembranzas son de lindas pegureiras
De fascinantes meigas criaturas,
Que en noites de lunar das Coruxeiras
Baixan ó fiandeiro de Cesuras.*

- A *metamorfose* ao estilo das Metamorfoses de Ovidio. En Noriega é frecuente o orballo da mañá que transforma os elementos da natureza en xoias.

*Mais me deslumbra o orballo,
que transforma un toxal en xoiería
provista de atavíos singulares.*

- A *morte* coma un feito irreversible na vida.

2.3. Outros poetas do tempo das Irmandades da Fala.

O modernismo e as tendencias post-simbolistas finiseculares encontran eco tamén noutros poetas das Irmandades, influídos pola obra de Ramón Cabanillas ou que realizan de forma persoal o tránsito do XIX á modernidade. Como os máis singulares podemos salientar os seguintes:

GONZALO LÓPEZ ABENTE (Muxía, 1878 – 1963), fixo a carreira de dereito e viviu sempre na súa vila natal, relacionándose cos nacionalistas da súa xeración. É autor dunha ampla obra poética composta por sete libros:

OBRA POÉTICA	TEMÁTICA E CARACTERÍSTICAS
<i>Escumas da ribeira</i> (1913)	Conteñen lírica amorosa e poemas de loita, con algúns elementos modernistas ao xeito da poesía de Cabanillas. O uso do alexandrino é moi frecuente sobre todo no segundo libro; e no terceiro opta polo hendecasílabo para ofrecernos sesenta sonetos de temática diversa (paisaxísticos, moralistas, patrióticos...).
<i>Alento da raza</i> (1918)	
<i>Do outono</i> (1924)	
<i>Nemancos</i> (1929)	O motivo principal é o mar e as paisaxes da súa terra; abandonada a retórica dos primeiros libros, a súa obra gaña en intimismo e sinxeleza.
<i>Cintileos nas ondas</i> (1958)	
<i>Decrúa</i> (1966)	Son de publicación póstuma.
<i>Monza de frores bravas para Nosa Señora da Barca</i> (1971)	

VICTORIANO TAIBO GARCÍA (Compostela, 1885 – Vigo, 1966). Participou no movemento nacionalista da súa xeración e foi discípulo literario de Cabanillas. Como mestre de escola residiu en diferentes puntos de Galicia.

A poesía de Taibo segue as direccións dos primeiros libros de Cabanillas: costumismo, lirismo intimista e poesía de loita. *Abrente* (1922) é o seu primeiro libro; en 1925 publicou un pequeno folleto *Da vella roseira*, dedicado a Cabanillas, e ademais é autor dunha numerosa obra dispersa por xornais e revistas da época.

A pesar de que mativo relación con Manuel Antonio e nalgúns dos seus poemas pode apreciarse unha leve pegada vangardista, Taibo non chegou a ultrapasar o umbral fixado polo Poeta da Raza: saudosismo, descritivismo e reivindicación patriótica son a materia dos seus poemas. A súa atracción polo folclore lévao incluso a un retroceso estético, ben perceptible nas setenta e cinco cantigas populares que compoñen *Da vella roseira*.

XOSÉ CRECENTE VEIGA (Castro de Rei, Lugo 1896 – 1948)

Moito máis novo que Noriega e os outros autores deste tempo, Crecente cultivou, non obstante, unha poesía rural que enlaza co XIX, aínda que presenta certas novidades formais que o aproximan aos autores máis modernos. Educado tamén no seminario de Mondoñedo e ordenado presbítero, foi catedrático de latín fóra de Galicia. A educación clásica maniféstase na elegancia e sobriedade con que trata os motivos populares. É autor dun único libro, *Codeseira* (1933) de temática campesiña, na liña tradicional da poesía galega do século XIX.

FRANCISCA HERRERA GARRIDO (A Coruña 1869 – 1950)

Rosalía foi a súa inspiración. O amor eterno era segundo as súas palabras o grande amor da vida. A relación materno filial vai ser un tema recorrente na súa obra, cargada de sentimentalismo e idealismo. Isto apreciámolo sobre todo na súa novela *Néveda* (1920).

As súas obras poéticas *Sorrisas e bágoas* (1913), *Almas de muller...* ¡Volallas n'a luz! (1915) e *Frores do noso paxaresco* (1919) amosan unha temática rural e perspectiva feminina, e continúan co movemento romántico realista de Rosalía de Castro.

MANUEL LEIRAS PULPEIRO (Mondoñedo 1854 – 1912)

Naceu en Mondoñedo. Estudou medicina en Madrid que logo exerceu ata a súa morte na súa bisbarra natal. Só publicou un libro: *Cantares gallegos* (1911), con poemas de tipo popular e temática costumista, patriótica e satírica. Ten tamén numerosas composicións espaxadas por diferentes xornais que foron recompiladas despois da súa morte, co motivo do día das letras galegas que se lle adicou en 1990.

3. OS POETAS DA XERACIÓN NÓS

A obra lírica de **Otero Pedrayo** recollida en tres colleitas. Dunha parte están os poemas publicados por Fernández del Riego na súa *Escolma de poesía galega IV*, doutra ese pequeno volume intitulado *Bocarribeira* e outro pequeno grupo dado á luz na revista Grial.

Na súa obra atopamos tres direccións:

- Dunha parte está o Otero simple versificador de prosa, queremos dicir con isto que hai poemas como «Pan galego» nos que o límite entre verso e prosa son difusos.
- Aquel no que a presenza rosaliana e o intimismo parece ser a chave:
- Na que están incluídos a case totalidade dos versos incluídos en *Bocarribeira*. Son poemas achegados ao hilozoísmo de Amado Carballo, pero mentres este basea a forza da súa poesía na metafísica, Otero reivindica a palabra o topónimo, e a imaxe deixa o papel de protagonista á sonoridade, é dicir, fonosimbolismo.

Vicente Risco, aínda que non é o máis abondoso da súa produción, a poesía vai ser obxecto de interese para Risco, non só como espallador e popularizador de elementos estéticos vangardistas a través das súas colaboracións en *A Nosa Terra*, senón que el mesmo publica nesta mesma revista algunhas composicións poéticas de maior ou menor tinte vangardista.

U...ju ju...
(Poema futurista)

Terra
Duas áas diagonadas d' azul baten no mar
Sóbor do Atlántico a diástole imensa da raza
Vapor en todol-os motores do mundo
Añudadol-os nosos nervos á todol-os fíos eléctricos
Terra
A Cruña fita as brétemas d' Irlanda
Vigo os raña-ceos de Nova York
GALICIA FOR EVER
CRUÑA
Puntos de tensión maxima da vida
VIGO
Terra
Nudo de todol-os fíos
enfiando todal-as vilas do mundo
Todal-as sirenas a un tempo a sonar
Trés pintados de sol furando a terra
no cabo de todol-os paralelos
Terra
As flechas das arelas solagadas da Atlántida
Nas nosas espadañas
onde repican ó bautizo dos séculos novos
Antenas pra radiografal-os nosos himnos ás estrelas
Terra
Folgos de millós de peitos
Mañan
Brinco de todal-as vontades
Estralar de todol-os miolos
Terra
N. S. E. W.
Terra
Chuvia d' estrelas
Alborada
Lóstrego
Rayos X
Profecía
Terra
O ceo rachou d' arriba abaixo
Terra
HIP HIP HIP
HURRA

Vicente Risco en *A Nosa Terra*, xaneiro de 1920.

É o caso deste **poema futurista** «U...ju ju» publicado en 1920 no nº 113 na revista indicada antes, xa que este poema puido funcionar como estímulo para os novos escritores que nas mesmas páxinas da revista apostaban por unha renovación radical da literatura galega como Euxenio Montes, Álvaro Cebreiro ou Manuel Antonio, e dos cales nos imos ocupar agora. Estamos a entrar nas Vangardas.

4. A XERACIÓN DO 25. AS VANGARDAS

Os poetas nados ao redor de 1900 que constitúen a xeración seguinte á xeración das Irmandades da Fala e da Xeración Nós, levaron a cabo a renovación das letras galegas no campo da poesía. Son coñecidos co nome de «novecentistas¹¹», vangardistas, Xeración do 25¹² ou Xeración do 22¹³, ano no que se publica o manifesto “¡Máis Alá!”. Incorporaron á literatura galega os adiantos das vangardas literarias europeas, aínda que non todos poden ser calificados como vangardistas.

Relacionados coa xente da xeración anterior, integráronse na ideoloxía e organizacións desta, e empregaron como medios de expresión os órganos periódicos establecidos, aínda que tamén deron luz a numerosas revistas poéticas orixinais de curta vida.

En Santiago de Compostela promoveron o Seminario de Estudos Galegos, e tiveron un papel decisivo na formación do Partido Galeguista.

Algúns destes escritores morreron moi novos e os superviventes quedaron marcados polo drama da Guerra Civil.




4.1. Os principios fundamentais das vangardas galegas

Evaristo Correa Calderón en 1918 e Manuel Antonio en 1922 proclaman a necesidade dunha renovación estética.

Así o expresa Manuel Antonio no seu *Manifesto Máis Alá!*.

Nós tencionamos tan só facer unha protesta forte, densa e implacable contra os vellos. [...] Renegamos de mestres e dos seus consellos. [...] Renegamos dos temas obrigados. É vergoñento falar da escravitude da Terra, mentres non se teña feito todo o que cómpre por anulala. O pranto e a elegía fixeron crer ós alleos que somos un pobo de mulleres. [...] A literatura paisaxística ó xeito de fotografía iluminada con notas de turista burgués, é a maior carniza da nosa paisaxe, que aínda agarda a sensibilidade complexa do noso tempo para ser interpretada. Renegamos de toda imitación.


Neste parágrafo aséntanse varios **principios fundamentais** das vangardas galegas:

-  **Ruptura** consciente e procurada coa literatura anterior (paisaxística e cívico-social). Os temas que van tratar son intrascendentes desde o punto de vista social.
-  **Provocación literaria** de cara á mocidade ao ir «contra o vello» e criticar duramente os tópicos literarios: a literatura paisaxística ao xeito de fotografía, é dicir, a literatura realista.
-  **Fuxir da realidade, da imitación do real** (propóñense ollar de maneira diferente e polo tanto crear unha «realidade» diferente) e fuxir dos valores consagrados na estética galeguista, entre eles a rima e o ritmo no poema: *Renegamos de toda imitación.*

¹¹ Termo acuñado por Carballo Calero.

¹² Termo acuñado por Méndez Ferrín.

¹³ Termo acuñado por Arcadio López Casanova

 **O concepto da Arte pola Arte** ou o triunfo da estética sobre o compromiso: é vergoñento falar da escravitude da Terra...; para o cal van renovar a linguaxe e os recursos estilísticos. Aínda así non é frecuente na vangarda galega o sentido lúdico da arte intranscendente que propugnaban as vangardas europeas.

A difusión desta nova poesía foi principalmente a través das **revistas especializadas** publicadas ao longo de dúas décadas por toda Galicia.

Nos anos 20 *Ronsel*, dirixida en Lugo por Correa Calderón e Álvaro Cebreiro; e *Alfar* na Coruña. Nos anos 30 a revista pontevedresa *Cristal* dirixida por Amado Carballo; as mindonienses *Galiza* e *Papel de color*; a santiaguesa *Resol*; e a luguesa *Yunque*.

O movemento vangardista foi unha corrente estética que abrangueu diferentes artes por toda Europa: arquitectura coa presenza dos rañaceos, a escultura cos volumes puros de Picasso, a pintura coas obras de Miró ou Dalí e a literatura en todos os seus xéneros: narrativo coas obras de Kafka, Marcel Proust, ou Hemingway; dramático co teatro do distanciamento de Bertol Brecht; e lírico con tendencias diversas seguidas en España pola xeración do 27, Lorca ou Alberti; en Portugal Pessoa ou Teixeira de Pascoaes; e en Galicia por Manuel Antonio, Amado Carballo, Bouza Brey, Álvaro Cunqueiro, Roberto Blanco Torres, Manuel Luís Acuña, Xoán Vicente Viqueira e Euxenio Montes.

Podemos clasificar os anteriores escritores galegos en dous grupos:

- a) Os seguidores da **vangarda plena**, cunha poesía novidosa: Manuel Antonio, representante do **creacionismo**.
- b) Seguidores dunha corrente **vangardista moderada**, menos innovadora cunha base tradicional aínda importante (poesía paisaxística ou popular):
 - Amado Carballo, Euxenio Montes, Manuel Luís Acuña, representantes do **hilozoísmo**.
 - Álvaro Cunqueiro, Fermín Bouza Brey, Xoán Vicente Viqueira, representantes do **neotrobadorismo**.

4.2. A vangarda plena. O creacionismo de Manuel Antonio.

O creacionismo vénnos do chileno Vicente Huidrobo. É un ismo que se basea na creación dunha nova realidade por medio da xustaposición de imaxes innovadoras como recurso estilístico máis importante:

*A noite dos naufraxios
co seu brazo salvavidas
aferrará connosco unha vela de chuvascos*

Tamén emprega, imaxes ousadas baseadas en asociacións insólitas ata ese momento na poesía, por exemplo na frase *pinos monacaís*.

O representante galego é **Manuel Antonio (Rianxo, 1900 – 1930)**, que ademais foi a persoa que máis teorizou sobre os movementos vangardistas, principalmente no *Manifesto máis alá* (1922), e en prólogo dun libro de poemas que ninguén escribiu,

publicado no diario vigués *Galicia* (1924), así como no artigo «*Fatiguémonos*», publicado neste mesmo diario en 1926.

Mariñeiro de profesión no paquebote “Constantino Candeira” e íntimo amigo de Vicente Risco e Villar Ponte, así como de Rafael Dieste e Castelao, cos que comparte a vila natal, levará á súa poesía, como tema recorrente, o mar visto e sentido día e noite, cheo de tranquilidade, de soidade e de monotonía. Rodéano as estrelas, os soles, os ronseis, as lúas, o ceo, os faros, os ventos, os horizontes, as ondas, as gaivotas e unha longa de serie de elementos marítimos recorrentes en toda a súa poesía.



Así vemos o mar na súa obra máis importante, *De catro a catro*, de 1928.

O mar adentro é unha illa rodeada de ceo por todas partes

«Os cóbados no barandal», *De catro a catro*

A diferenza das vangardas europeas, non chegamos a ver nos seus versos:

A deshumanización ou a ausencia do «eu» poético nos versos.


Todo o contrario, o significado desa aventura polo mar que percorre Manuel Antonio é a chegada ao coñecemento dun mesmo e do ser humano en xeral. É unha especie de «aventura interior» onde o barco é o «home» e o mar a «vida». A través destes dous símbolos o poeta reflexiona con pesimismo sobre a existencia humana caracterizada pola soidade, e pola monotonía. Mesmo podemos observar o desdoblamento do «eu» cando se afasta da terra cara a esa singradura (un «eu» queda en terra e o outro marcha ao mar):

*Eu cacheaba tódolos segredos
das miñas mans baldeiras
porque algo foi que se me perdeu no Mar*

*...alguén que chora dentro de min
por aquel outro eu
que se vai no veleiro
Pra sempre
coma un morto
co peso eterno de tódolos adeuses*


«Adeus», *De catro a catro*

Tristeza, saudade, pesimismo é
o que vemos nestes versos
cargados de existencialismo



-  **A actitude antirromántica.** Ironiza así contra os poetas intimistas da poesía anterior ás vangardas.

*Noiva miña
vestida de lúa
que romantizas
¡tan cursi!
polo xardín
senteime á proa
fumando a miña pipa
Pero outra noite pensarei en ti*

«Lied onhe worte», **De catro a catro**


-  **A desmitificación de elementos tópicos**, por exemplo a auga, chea de connotacións líricas ao longo da literatura, para Manuel Antonio é só H_2O ; ou no tema marítimo, renuncia a toda a retórica sobre o mar para crear un mar existencialista, símbolo da vida, lonxe do mar sentimental ou decorativo de escritores anteriores. A *lúa* tampouco é o marco para o amor ou para a contemplación. No seguinte exemplo vemos a súa desaparición na noite escura.

*aboya un escardar de marusías
tentando os ceos sin atopar a Lúa
pero a Lúa esta noite
desertou dos almanaques*

-  **Renovación da linguaxe** mediante a introdución de **neoloxismos**, de **linguaxe técnica marítima** (*morse, SOS*), e de **préstamos**, principalmente **anglicismos** (*leit-motivs, stock, navy bar*) e de **cultismos** (*radiograma, pirotecnia, mecanógrafos*), **hiperenxebrismos**, co fin de conseguir unha **linguaxe literaria culta** (*hourizontes, primaveiras, oucéanos, incoscentes...*) e **pseudohiperenxebrismos**, como *foulas* por ondas (construído a partir do castelán *olas*).
-  **Predominio do veso libre** (en ocasións a rima é cambiada pola aliteración), supresión de signos de puntuación ou alteracións na sintaxe que provocan en numerosas ocasións ambigüidades.

*De par de nós
a Lúa
fai ronseis infecundos
mentres sonea a mareta
vai folleando no libro das velas*

Estes versos ambiguos permiten unha dobre lectura: a marusía (a mareta), mentres adormece, vai vendo as follas do libro das velas; ou a lúa, mentres a marusía dorme, vai folleando os velames.

 **O humor**, conseguido en ocasións por adxectivizacións inesperadas que dan lugar a frases orixinais e non vistas anteriormente na poesía galega.

*o vento perdeu as follas
do seu cartafol
—esas que os chubascos
mecnógrafos
tecolean no manual dos mastros?*

«O cartafol do vento», **De catro a catro**

Ou nestoutro exemplo do mesmo poema, que nos achega á viñeta dun cómic:

*Coa boca aberta
—caille a baba—
Está mirándonos o babión do Sol*

A través destas imaxes decatámonos da dimensión lúdica do poema, moi frecuente en Manuel Antonio.

Outras **obras** deste autor, menos vangardistas que *De catro a catro*, pero tamén cunha forte carga existencialista xa que temos a premonición da morte, a imposibilidade de recuperar o tempo pasado, as angustias, as dúbidas e incertezas, etc, son:

- *Con anacos do meu interior* (1918 – 1920). 19 poemas con regularidade métrica.
- *Foulas* (1922 – 1925). 28 poemas de ambientación marítima nocturna.

Da súa autoría son dous poemarios datados con posterioridade en 1926.

- *Sempre e máis dispois*. 7 poemas ambientados nunha aldea galega e nunha avenida en Bos Aires.
- *Viladomar*. Ambientando en Rianxo e inacabado.

4.3. A vangarda moderada. O hilozoísmo e o neotrobadorismo

O HILOZOÍSMO

Foi o movemento máis seguido e baséase na combinación de recursos metafóricos propios das vangardas coas formas tradicionais da nosa poesía (verso curto, con predominio do octosílabo, rima asonante...). O recurso estilístico máis empregado é a prosopopea ou animación dos elementos da natureza ou metáforas zoomórficas. Seguen esta tendencia **Roberto Blanco Torres** (Pontevedra, 1891-Ourense, 1926), **Euxenio Montes** (Vigo, 1900 – Madrid, 1982), **Luís Amado Carballo** (Pontevedra, 1901 – 1927) e **Manuel Luís Acuña** (Ourense, 1899 – 1975).

*Acorado e roibo
durmíase o día
coa testa deitada
no colo da ría
[...]*

*preto do horizonte
estrelas obrizas
frotaban os ollos
tirando a preguiza*

«Sol-por» en *Proel* de **L. Amado Carballo**

Vemos nestas dúas estrofas a animación da natureza: personificación do día, da ría, e das estrelas. Estrofa popular con epítetos cromáticos e sinestésicos (*acorado e roibo*) para describir o solpor.

Alén disto é frecuente a subxectividade cromática de tal xeito que se rompe a relación entre cor real –cor poética aplicada a calquera obxecto. A sinestesia pasa así a ser novidosa e orixinal coma neste fragmento que segue:

*Pola ría van as dornas
Moceiras, engalanadas
O sol —manso boi vermello—
Pasta no verde das ágoas*

Amado Carballo

De **Luís Amado Carballo** publicáronse dous libros póstumos: *Proel* (1927) e *O galo* (1928); de **Euxenio Montes** publícase en 1930 *Versos a tres cás o neto*; de **Roberto Blanco Torres**, «paseado» no 36, publícase *Orballo de media noite* en 1929; e de **Manuel Luís Acuña**, *Fírgoas* (1933).

O NEOTROBADORISMO

Foi unha corrente que comezou en 1933 co poemario *Nao senlleira* de **Fermín Bouza Brey** co gallo da descuberta da poesía medieval e da súa difusión en 1928 grazas a Jose Joaquim Nunes, e remata en 1953 co Cancioneiro de Monfero de **Xosé María Álvarez Blázquez**. Outros autores representantes deste ismo son **Álvaro Cunqueiro** e **Xoán Vicente Viqueira**, un dos principais pensadores das Irmandades da Fala, quen escribe en 1919 *Vinde, amigas, da beira ás frondas / e bañarnos hemos nas ondas, / cantando amores*.

Este neotrobadorismo recupera procedementos estilísticos propios das cantigas medievais como son o paralelismo e leixaprén, chegando a unha extraordinaria perfección formal, e emprega léxico propio da cantiga de amigo principalmente. A voz lírica é feminina.



Con auga de sede vella
namorar en namoreina
meu amigo

→ refrán e uso léxico medieval

Con unha herba lixeira
namorar eu namoreina
meu amigo!

Namorar eu namoreina
con unha cantida leda,
meu amigo!

→ paralelismo e leixaprén

Namorar eu namoreina
con áer de primaveira
meu amigo!

Cantiga nova que se chama riveira, Álvaro Cunqueiro

Nesta cantiga podemos observar a ambientación primaveral propicia ao amor, propia das cantigas de amigo medievais.

Fermín Bouza Brey (Ponteareas, 1901 – Santiago, 1973). Fundador do Seminario de Estudos Galegos, publica *Nao Senlleira* en 1933 e *Seitura* en 1955.


Álvaro Cunqueiro (Mondoñedo, 1911 – Vigo, 1981)

En *Mar ao norde* (1932) e en *Poemas do si e non* (1933) temos influencias do creacionismo e *Dona do corpo delgado* (1950), máis fiel aos modelos medievais e menos innovador ca o anterior.

A imitación dos modelos medievais abrangue a década dos 60 e dos 70. Así, en 1968, Celso Emilio Ferreiro publica *Cantigas de escarnio e maldizer*, aínda que xa non se pode considerar vangardista.

4.4. A influencia dos ismos europeos nos nosos autores.

Nos autores anteriores que acabamos de ver podemos ver influencias doutros ismos europeos como son:

 O **CUBISMO**, impulsado en Francia por Guillaume Apollinaire, propón a descomposición do poema en figuras xeométricas. A través do caligrama preténdese reproducir a simultaneidade con que se presenta a realidade e afastarse da sucesión de versos. En ocasión a imaxe poética pode coincidir coa imaxe visual como neste caso:

faro
faro faro faro
faro

Manuel Antonio, «Poemas do faro II», en *Foulas*

Estes versos non se len no sentido tradicional, un despois do outro, senón que se visualizan na súa totalidade, de maneira global e simultánea coma se dun cadro se tratase.

Esta simultaneidade tamén a consegue Manuel Antonio por medio dos espazos en branco:

*Fume de pipa saudade
noite silencio frío
e ficamos nós sós
sin o Mar e sin o barco
nós*

Cada espazo é unha especie de silencio que illa a palabra, que intensifica o seu significado e o seu valor poético e, ao mesmo tempo, fai que as percibamos todas de maneira simultánea e non sucesiva como acontece nos versos tradicionais.

📖 O **SURREALISMO**, manifestado na obra de André Bretón, pretendeu unha escritura automática que plasmase o subconsciente. Na poesía galega deixou pegadas nas imaxes visionarias, isto é, naquelas imaxes nas que se relacionan dous conceptos de maneira irracional, sen lóxica aparente; por exemplo cando Cunqueiro nos di «os *anacos de espellos amaban ríos*» en *Poemas do si e non*.

📖 O **IMAXINISMO**, chegado desde Inglaterra, transmite unha poesía fría por antisentimental e pola ausencia do «eu». Pola contra é un movemento que fomenta a imaxe rica en colorido e o poema cheo de ritmo.

📖 O **FUTURISMO**, representado polo italiano Marinetti, baséase no dinamismo do poema. Nos seus versos suprímense adxectivos e adverbios para dar sensación de rapidez. O futurismo eloxia os avances tecnolóxicos, polo que introduce un léxico innovador referido ás novas técnicas (as máquinas, o avión, a enerxía eléctrica...).

Por exemplo en «liridade noctámbula», de *Con anacos do meu interior*, fálanos Manuel Antonio da desmesura da metrópole a través do tranvía e domastodonte camiión

*Dos carrís esquencidos do tranvía
non se sabe o desexo misterioso
no paralelo rego que fuxían.
Fai unha absolución
o rumorexo longo e bo da auga
da salvaxe soberba diaria
do mastodonte camiión.*

📖 O **ULTRAÍSMO** considera a metáfora como o recurso estilístico imprescindible no poema. Ás veces confúndese co creacionismo polo emprego da imaxe polipétala.


Surrealismo, cubismo e creacionismo destrúen a sintaxe tradicional nos versos.

5. A VANGARDA E AS OUTRAS ARTES

5.1. As vangardas e outras literaturas peninsulares.

Os vangardistas galegos mantiveron unha relación fluída cos seus coetáneos doutras literaturas peninsulares, como mostra conservamos os seis poemas galegos de **Lorca** datados en 1935, máximo representante da Xeración do 27, que homenaxea deste xeito os cancioneros.

Ten especial difusión na actualidade o seu poema «Madrigal á cibdá de Santiago» que co título de «Chove en Santiago» popularizou o grupo **Luar na lubre** no disco *Cabo do mundo* (1999) baseándose na música realizada por Alberto Gambino.



Mádrigal á cibdá de Santiago

*Chove en Santiago
meu doce amor.
camelia branca do ar
brila entebrecida ó sol.*

*Chove en Santiago
na noite escura.
Herbas de prata e de sono
cobren a valeira lúa.*

*Olla a choiva pola rúa,
laio de pedra e cristal.
Olla o vento esvaído
soma e cinza do teu mar.*

*Soma e cinza do teu mar
Santiago, lonxe do sol.
Agoa da mañán anterga
trema no meu corazón.*

F. García Lorca

5.2. As vangardas e o cine

A época das vangardas vai ser ao mesmo tempo escenario do desenvolvemento dunha nova arte: o cine.

A posibilidade de conservar as imaxes en movemento resulta irresistible para os principais representantes destas novas estéticas.

Especialmente interesantes son as obras dos surrealistas **Man ray** e **Luís Buñuel**.

Man Ray inicialmente dadaísta, é un dos fundadores do surrealismo e un dos protagonistas das vangardas parisienses. Trátase dun verdadeiro artista polifacético que o mesmo inventa obxectos como realiza fotografías ou curtametraxes.

Luis Buñuel foi un director de cine español que debido á ditadura se exiliou para rematar nacionalizándose mexicano. Está considerado un dos máis importantes e orixinais na historia do cinema mundial.

En xaneiro de 1929 Buñuel e Dalí en estreita colaboración, ultiman o guión dun filme que se titularía sucesivamente *El marista en la ballesta*, *Es peligroso asomarse al interior* e, por fin, *Un chien andalou*. Rodado en abril do mesmo ano, estreouse nun cineclub parisiense logrando ser todo un éxito entre a intelectualidade francesa, ata o punto de permanecer nove meses consecutivos en exhibición.

A cinta naceu da confluencia de dous soños. Dalí contoulle a Buñuel que soñara con formigas que pululaban nas súas mans e o director de cine contoulle a Dalí que el tamén tivera un soño no que se vía unha navalla seccionándolle o ollo a alguén.

O filme pretende provocar un impacto moral no espectador a través da agresividade da imaxe. Remite constantemente ao delirio e ao soño, tanto nas imaxes producidas como no uso dun tempo non cronolóxico das secuencias.



A continuación tes a imaxe máis significativa da película do cine surrealista.

6. MODELO DE COMENTARIO.

OS CÓBADOS NO BARANDAL

*ATOPAMOS esta madrugada
na gaiola do Mar
unha illa perdida*

*Armaremos de novo a gaiola
Vai a saír o Sol
improvisado e desourentado*


*Xa temos tantas estrelas
e tantas lúas sumisas
que non caben no barco nin na noite*

*Xuntaremos paxaros en xeografía
pra xogar cas distancias
das súas ás amplexadoras*

*E os adeuses das nubes
Mudos e irremediábeis*

*E armaremos unha rede de ronseles
pra recobrar as saudades
co seu viaxe feito
polos océanos do noso corazón.*

Manuel Antonio, *De catro a catro*



«Os cóbados no barandal» é o cuarto poema do libro *De catro a catro*. Este foi o único volume publicado en vida por Manuel Antonio (Editorial Nós, 1928), o meirande poeta vangardista galego.

O libro constrúese como unha sorte de diario nunha singradura, con distintos episodios xa referidos no título.

No diario dunha viaxe existen dous elementos inevitables, o espazo e o tempo, que son tratados dun xeito moi peculiar neste poema e no libro enteiro.

A voz poética, observadora da paisaxe marítima desde o título, identifica o mar cunha gaiola. Esta é a primeira imaxe rompedora, de raíz vangardista, que racha a idea típica de mar / viaxe e liberdade. Pero estes mariños non poden saír do mar.

A continuación móstranos unha illa «perdida», e esta idea repítese nas imaxes relativas ao sol (desorientado) e aos paxaros (sen xeografía). O medio resulta

desacougante, xa que logo, tanto para a voz poética como para os elementos que o habitan.

O tratamento temporal vén dado a través das imaxes creadas en torno aos astros, marcadores naturais do tempo. Xa vimos o sol desorientado, e a outra cara, o reverso, móstrase pesada e repetitiva a través das estrelas e as lúas (terceira estrofa).

Ata aquí a primeira parte do poema. As catro primeiras estrofas comezan con formas verbais en 1ª persoa do plural (xeito de agochar o eu poético presente en todo o libro) e crean imaxes sobre o tempo e espazo que se contempla.

Ao achegarmos á quinta estrofa muda a estrutura previa, e iníciase a segunda e derradeira parte do poema:

*E os adeuses das nubes
mudos e irremediábeis*

Dáse paso a esa sensación de eterna despedida, e o desacougo e a monotonía propician na voz poética un sentimento de constante saudade (os ronseis, o que vai quedando detrás do vivido).

E velaquí que nos dous versos finais atopamos a clave do poema e de todo o libro: a viaxe non é física, non é só tona o que deixa o barco, é a vida a singradura de despedidas polos «oucéanos do noso corazón». Neste poema observamos a personalísima asunción das vangardas de Manuel Antonio.

Dunha banda, a xustaposición de imaxes rompedoras, a ausencia de puntuación, o verso libre e a ausencia de rima, as rupturas espazo temporais, a camuflaxe do eu poético nun NÓS.

Mais tamén, fóra do xogo estético da vangarda, a humanización do texto a través dos sentimentos, neste caso a saudade inherente ao paso do tempo.

ANTOLOXÍA DE TEXTOS

1

Como chove miudiño...

*Vagoroso chober... Este zarzallo
Que alxófares espalla, de mansiño,
é bendición de Deus, e é un irmanciño
das lágrimas, da brétema e do orballo.*

*O ceo inda non ten outro agasallo
mellor pra demostrar o seu cariño
ás floriñas da urce, e ás do espiño,
e á ramaxe pomposa do carballo.*

*E Galicia, sen par, onde eu nacera,
tras o rico presente, quizá espera
do irmán sol, rei da luz, unha raiola...*

*¡Quizá!, pois xa notou a alma miña
que se adoita de estar na cruz soíña
ao sentirse feliz, non quer ser sola.*

Do ermo, **A. Noriega Varela**

2

Toda humilde beleza...

*Vago xirón de brétema, atavío
soberbio de irta xesta, reidora,
fulgurante doíña de rocío
(pazo do sol e lágrima da aurora);*

*raiola de lunar que bica o río,
flor marmeliña que entre espiñas chora,
ou das redes da araña un tenue fío,
toda humilde beleza me namora.*

*É un vermiño de luz o amigo caro
do meu nume saudoso... Antes reparo
na nudez adorable dunha estrela*

*que nas rosas dos vales, que sorríen,
que nos mantos dos pinos, que se engríen,
que nas blondas do mar, que se rebela.*

Do ermo, **A. Noriega Varela**

3

Anoitecer

*Vai o sol na furada. Os sapos preguicierios,
cansados baixo as pedras de estar acochadiños,
saen tocar a frauta ás beiras dos camiños,
e escóitanse nas regas os grau grau barulleiros*

*das ras. Pasan zoando por entre os maciñeiros
os roncóns. E parellas de ledos paxariños,
agrúchanse, piando, na quentura dos niños,
entre a follaxe espesa das silvas e os loureiros.*

*Unha nena onde a fonte cun rapaz parrafea.
Enchendo as corredeiras vén a habenza prá casa.
Ei marelo pra adiante —un labrego que pasa.*

*Toca ás Avemarías a campana da aldea...
E no curral seus rezos murmuran dúas viciñas
e lámbense dúas vacas tocando as campaiñas.*

Codeseira, **Xosé Crecente Vega**

4

A BASILIO ÁLVAREZ

*¡Sementador! O trigo dos beirales
mostra as espigas mestas e douradas,
e as segadoras fouces, afiadas,
teñen trágico brillo de puñales.*

*O teu verbo, estalante nos pinales,
troca, ao chegar ás chouzas das valgadas,
os salaios das gorxas abafafas
en ruxidos guerreiros e triunfales.*

*A aldea érgueuse co claror da aurora
agardando o sinal, e non sosega
en axexo de loita vingadora.*

*¡Xa a luz do sol do mediodía cega,
sementador! ¡Sementador, xa é hora
de dar o berro e comenzar a sega!*

No desterro, **Ramón Cabanillas**

6

HIMNO DE ACCIÓN GALEGA

*¡Irmáns! ¡Irmáns galegos!
¡Desde Ortegai ao Miño
a folla do fouciño
fagamos rebrillar!*

*Que vexa a Vila podre,
coveira da canalla,
a Aldea que traballa
disposta para loitar.*

*Antes de ser escravos,
¡irmáns, irmáns galegos!
que corra o sangue a regos
desde a montaña ao mar.*

*¡Ergámonos sen medo!
¡Que o lume da toxeira
envolva na fogueira
o pazo señorial!*

*Xa o fato de caciques
ladroños e herexes fuxe
ao redentor empuxe
da alma rexional.*

*Antes de ser escravos,
¡irmáns, irmáns galegos!
que corra o sangue a regos
desde a montaña ao val.*

Vento mareiro, **R. Cabanillas**

Camiño longo

5

*Camiño, camiño longo,
camiño da miña vida,
escuro e triste de noite,
triste e escuro de día...
¡camiño longo
da miña vida!*

*Verea, vereia torta
en duras laxas aberta,
arrodeada de toxos,
crebada polas lameiras...
¡verea torta,
ti onde me levas!*

*Camiño, camiño longo.
A choiva, a neve e as silvas
enchéronme de friaxe,
cubrírome de feridas...
¡camiño longo
da miña vida!*

*Verea, vereia fonda
de fontes tristes, sen auga;
sen carballos que dean sombra,
nin chozas que dean pousada...
¡verea fonda,
ti cando acabas!*

Vento mareiro, **R. Cabanillas.**

7

¡EN PÉ!

A Luís Porteiro

*¡Irmáns! En pé sereos,
A limpa fronte erguida,
Envoltos na brancura
da luz que cae de riba
o corazón aberto
a toda verba amiga,
e nunha man a fouce
e noutra man a oliva,
arredor da bandeira azul e branca,
arredor da bandeira da Galicia,
¡cantémo-lo dereito
á libre nova vida!*

*Validos de traidores
a noite da Frouseira
á patria escravizaron
uns reises de Castela.
Comestas polo tempo,
xa afrouxan as cadeas...
¡irmáns asoballados
de xentes estranxeiras,
ergámo-la bandeira azul e branca!
¡E ó pé da enseña da nación galega
Cantémo-lo dereito
a liberta-la Terra!*

*¡Irmáns no amor a Suevia
de lexendaria historia,
¡en pé! ¡En pé dispostos
a non morrer sen loita!
¡O día do Medulio
con sangue quente e roxa
mercámo-lo dereito
á libre, honrada chouza!
¡Xa está ó vento a bandeira azul e
branca!
¡A oliva nunha man, a fouce noutra,
berremos alto e forte:
«A nosa terra é nosa»!*

Da terra asoballada, Ramón Cabanillas.

8

*¡Amor, eterna inqueda,
pon nos meus beizos doídos
o cáliz da Saudade!*

*¡Dáme a divina tristeza
da nave que vai sen rumbo
sobre do mar da incerteza!*

*¡Dáme o segredo choído
de ser roseira sen rosas
e cantiga sen sonido!*

*¡Dáme o doce desespero
de non saber se me quere
morréndome do que a quero*

*¡Dáme a sagra vaguidade
de ir tecendo a miña vida
con soños de eternidade!*

*A rosa de cen follas,
R. Cabanillas*

9

*De novo, os cavaleiros máis variles e bravos,
os máis rudos vilegos e os máis reos escravos,
apreixan con firmeza o máxico mandobre:
no circo sobre a neve tendido fica inmobre,
mentras, vendo afundirse os seus sonos de gloria
e a dos tempos antigos fazañosa memoria,
o xentío, febreiro n-un cramor relixioso
prega ós ceos o brazo d-un heroi miragroso.*

*Lanzal gallo frorido no tronco da realeza
ó par, escrarecido no berce e na fortaleza,
o orfo do rei Uther, o príncipe varudo
chamado a ser do reino coluna e o escudo
que no albor da máis leda garrida mocidade
é espello ledizoso de honor e lealdade,
adiántase, e os ventos o airón enloitado,
o xubón en sinxela fina malla trezado,
as esporas calzadas, encendido no peito
o ardor que pon o ceo no unxido e no escolleito,
sin divisa guerreira nin reforzo de guante
chega ó circo do sagro craror escintilante,
apreixa o puño de ouro aceso en resprandores,
o pensamento en xuro da fe dos seus maiores,
e alzando á outura a nobre e luminosa mirada
ó povo axoenllado amosra a rexa espada
que, ergueita docemente brandea na súa man
como pruma abalada d-un ventiño levián.*

Na noite estrelecida, **Ramón Cabanillas.**

INTENCIONS

10

*ENCHERÉMO-LAS velas
ca luz náufraga da madrugada
Pendurando en dous puntos cardinaes
a randeeira esguía
do pailebote branco
Cas súas mans loiras
acenan mil adeuses as estrelas*

*Inventaremos frustradas descubertas
a barlovento dos horizontes
pra acelerar os abolidos corazóns
dos nosos veleiros defraudados*

*Halaremos polo chicote
dun meridián innumerado
Na illa anónima
de cada singladura
esculcaremos o remorso da cidade
Ela noitámbula desfollará
como unha margarida prostibularia
a Rosa dos Ventos do noso corazón*

*Encadearemos adeuses de espuma
pra tódalas praias perdidas
Xuntaremos cadernos en branco
da novela errante do vento
Pescaremos na rede dos atlas
ronseles de Simbad*

*E cazarémo-la vela
sobre o torso rebelde das tormentas
pra trincar a escota dunha ilusión.*

De catro a catro, **Manuel Antonio**

11

AO REVERSO DA NOITE

*LUCEIROS degolados
desángranse de ouro no Mar*

*De par de nós
a Lúa
fai ronseis infecundos*

*Mentres sonea a mareta
Vai folleando no libro das velas*

*Irredentos velamios exhaustos
resignados no libro das velas*


*Estrelas incoscientes
mecanizan o obseso tic-tac*

*A auga toda dos océanos
ensumiuse nunha bágoa*

*E o pano branco do novo día
enxugará os ollos do ceo.*

De catro a catro, **Manuel Antonio**

12



13

Canción do temporal

*Os berros dos mazaricos
rachan as sedas do mar,
no carro das mouras nubes
vén do sur o temporal.*

*Nas barras e nos peiraos
rompen as foulas cristadas
de lóstregos azulados
das estrelas afogadas.*

*Púxose o ceo de loito
polos que van afogar.
As centellas como trallas
baten no lombo do mar.*

Proel, Luís Amado Carballo. (adaptación).

14

A aldea

*No agro encorou o tempo
e só camiñan as nubes.*

*Aldea sono.
Aldea esquezo.
No agro dormen as luces.*

*Noite no corpo e na alma.
Na alma e no corpo sures.*

*Fame.
Frío.
Fume.*

*No agro non comen beben
chocolate nin azucre.*

*Fírgoas, Manuel Luís Acuña
(Adaptado).*

SOLPOR

15

*Acorado e roibo
durmíase o día,
coa testa deitada
no colo da ría*

*As campás beatas
no ceo bulían
rezando rosarios
á Virxe María*

*Vogando nas nubes
cara ó ceo ían
envoltas nos ouros
do sol que morría.*

*Polo mar, as velas
eran folerpiñas
que da lúa aberta
nas augas caíran.*

*Da beira do río
chegaban cantigas,
choutando nas leiras
molladas de risas.*

*Preto do horizonte
estrelas obrizas
frotaban os ollos
tirando a preguiza.*

*E bicando os lonxes
as foulas espidas
o alén nevaban
de limpas sorrisas.*

*Un alto aturuxo
voándo fuxía.
E os bosques lonxanos
noite revertían.*

Proel, Luís Amado Carballo

16

Gándara

A Floro L. Cuevillas

*Naquel biduído dos bidos louzanos
o páxaro Sol non pía seus raios.
e morre de amor.*

*Naquel biduído dos lanzales bidos
o páxaro Sol non criba seus píos.
e morre de amor.*

*Non criba seus ritmos, non pousa os seus raios
e albean de frío os albres delgados
e morre de amor.*

*Non ceiba seus raios, non tece seus fíos
e albres e mámoas albean de frío
ca poldra que morde no mato cativo.*

*Nao senlleira, **Fermín Bouza Brey***

17

Godallo choutador

*Espiñouse a belida,
espiñouse a louzana
nun espiño arnal
de bolboretas brancas.*

*Espiñouse a belida,
espiñouse na cara
e chorou unha rosa
na fazula espiñada...*

*Godallo trouleador
de chocallo de prata,
os choutos bicadores
dime ¿para cando os gardas?*

*Seitura, **F. Bouza Brey***

No niño novo do vento

18

*No niño novo do vento
hai unha pomba dourada
meu amigo!
quen puidera namorala!*

*Canta ao luar e ao mencer
en frauta de verde olivo
quen puidera namorala
meu amigo!*

*Ten áers de frol recente
cousas de recién casada
meu amigo!
quen puidera namorala!*

*Tamén ten sombra de sombra
e andar primeiro de río.
Quen puidera namorala,
meu amigo!*

*Cantiga nova que se chama Riveira,
Álvaro Cunqueiro*

19

Unha, dúas, tres: a lancha

*Unha, dúas, tres: a lancha
enchen de sombras, áxiles e nítidas.
Sob de ti voan: craras,
navegantes,
tíbias.
Catro, cinco, seis. Gueivotas.*

*Mar ao norde, **Álvaro Cunqueiro***



NOIVADO II

*Os anacos de espellos amaban ríos.
Amistades con sal. Coas cousas máis antigas.
Unha noiva das fontes e dos paxaros noivas.
Os cabelos despertos. A sal imaxe donda,
central das noites vivas. A lúa cousa antiga.
Unha pedra ferve o seu van. O río anda.
Que inexactos e xustos os coores da noiva!
Unha ave sonora como unha margarida,
sís e nons naturais sabor de frol recente.
Cada espello unha vea escurridiza e fría
onde gotexa o cheiro dos ríos desiguais.
Sober silencios nidios a noiva dos paxaros.
Velahí a dormida. Como en calquer estampa
os anacos de espellos amaban ríos.*

Poemas do si e non, Álvaro Cunqueiro